



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa do deputado **Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á Proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentar de En Marea con número de rexistro **51601 (10/PNC-004129)**, sobre a definición polo Goberno galego dunha estratexia consensuada coas empresas e sindicatos para acadar un aumento do peso dos salarios na distribución do produto interior bruto, que figura na orde do día da Comisión 3<sup>a</sup>, prevista para o vindeiro 11 de outubro de 2019.

### Emenda de adición

Engadir o seguinte texto:

“Dita estratexia será remitida para o seu debate á Cámara galega no primeiro trimestre de 2020 acompañada dunha memoria económica.”

Santiago de Compostela, 10 de outubro de 2019

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Deputada do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 10/10/2019 10:35:04**

**Ana Pontón Mondelo na data 10/10/2019 10:35:09**



## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da do seu deputado-portavoz **Xoaquín Fernández Leiceaga** e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Emenda** á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación co impacto que está a ter na economía a desigual distribución da ocupación no mercado laboral de Galicia e os resultados das políticas de emprego; en especial, no ámbito xuvenil (**10/PNC-003993**) doc. **49335**

**Emenda de modificacións ao punto 2. a) e b), que quedará redactado co seguinte texto:**

- “ a) Impulsar as competencias da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de emprego, incluíndo a transferencia da Inspección de Traballo.
- b) Regular dun xeito que impida os abusos a subcontratación en cadea, os falsos autónomos e as empresas de traballo temporal.”

Pazo do Parlamento, 10 de outubro de 2019

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Deputado-portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 10/10/2019 13:16:43**

